

# EITOS 2018

**REVISTA ESCOLAR  
CEIP O COTO  
NEGREIRA**



## APRENDENDO COS AVÓS E AS AVOAS

Neste terceiro trimestre do curso escolar , algúns avós e avoas visitáronnos na aula.

Compartiron con nós xogos, cancións, contos, manualidades e experiencias de cando eles eran pequenos.

Grazas a todos pola vosa xenerosidade e por facernos pasar uns momentos tan agradables.



OS NENOS E NENAS DE 3 ANOS QUEREMOS SABER COUSAS SOBRE A PONTE MACEIRA. BUSCAMOS INFORMACIÓN COAS NOSAS MAMÁS E PAPÁS, COMPARTÍMOLO COS NOSOS COMPAÑEIRAS/AS NA AULA E FIXEMOS UN MURAL.



BUSCAMOS ALGÚN CADRO SOBRE A PONTE MACEIRA E ATOPAMOS UN DE JORGE PETEIRO QUE NOS GUSTOU MOITO. ENTÓN DECIDIMOS REPRODUCILO, PRIMEIRO EN GRANDE PARA DECORAR O NOSO CORREDOR.





MIRADE QUE CHULO NOS QUEDOU!





DESPOIS CADA NENO/A FIXO UNHA REPRODUCCIÓN EN PEQUEÑO





ESTE É O RESULTADO. MIRADE QUE ARTISTAS...!





## O TESOURO DO CABALEIRO VALENTÍN RIN RIN

O pasado 16 de maio tódolos nenos e nenas de 5º de educación infantil saímos a explorar as rúas de Negreira na procura dun prezado tesouro.

Da man de Valentín Rin Rin, un valente cabaleiro que vivía no Pazo do Cotón, démoslle un repaso á historia e ó rueiro do pobo de Negreira.

Dito cabaleiro agachou na vila un tesouro que lle conferiu no pasado gran valentía e forza, e os nenos e nenas tras escoitar o seu conto, decidiron atopalo para que tamén os dotara a eles/as deses atributos. Para elo contamos con valiosas pistas que ficaban escondidas por diferentes emprazamentos da vila e que tivemos que ir descifrando. Así, o xogo converteuse en 3 rutas polas distintas rúas, indo dun punto a outro.



Ós nenos e nenas de 4 anos A tocoulle visitar O CENTRO MÉDICO, o CONCELLO, e a ESTATUA DO EMIGRANTE; para os pequenos e pequenas de 4 anos B foi a GARDERÍA MUNICIPAL, a FONTE DAS VACAS e a OFICINA DE CORREOS; e para 4 anos C, os arredores da PISCINA MUNICIPAL descuberta, a ESTATUA DO PEREGRINO e a CASA DA CULTURA.



Todo o alumnado rematou a súa andaina diante do PAZO DO COTÓN ,pois alí conducían finalmente as pistas, e foi nese punto onde demos co desexado tesouro.



Foi fantástico tralo connosco para o cole, e aprender tantas cousas do noso pobo mentres desfrutábamos coma auténticos aventureiros/as.


Ai vos deixamos as nosas rutas!



# NEGREIRA MEDIEVAL

AS NENAS E NENOS DE 5 ANOS DO CEIP O COTO TRASLADÁRONSE, NESTE CURSO 2017/ 2018, Á ÉPOCA MEDIEVAL APROVEITANDO QUE A BIBLIOTECA DO CENTRO PROPUXO TRABALLAR O CONCELLO DE NEGREIRA A PARTIRES DO LEMA “**NEGREIRA: RÚA A RÚA, ALDEA A ALDEA**”

ASI É QUE QUIXEMOS AMBIENTAR O CENTRO NA ÉPOCA MEDIEVAL PARA PODER ENTENDELA E COMPRENDELA MELLOR. POLO QUE NOS PUXEMOS MÁNS Á OBRA E O RESULTADO FOI MOI BO E OS NENOS E NENAS COLABORARON MOITO NA AMBIENTACIÓN, A PARTE DE DISFRUTAR FACENDO OS TRABALLOS.







O




DECORAMOS TODAS AS PORTAS DAS AULAS DE INFANTIL E TODAS ELAS QUEDARON MOI MEDIEVAIS.



3 ANOS A



3 ANOS B




3 ANOS C



4 ANOS A



4 ANOS B



4 ANOS C



5 ANOS A



5 ANOS B




5 ANOS C



FIXEMOS ALGUNHA PROBA XOGANDO A VESTIRNOS  
CON TRAXES E  
VESTIDOS MEDIEVAIS INVENTADOS E ELABORADOS CON  
TEAS DA CLASE DE PSICOMOTRICIDADE.



O





FOI TAL A IMPLICACIÓN E A EMOCIÓN DOS NENOS  
E NENAS POLO MEDIEVAL QUE DECIDIMOS  
DISFRAZARNOS POLO ENTROIDO DE DAMAS E  
CABALEIROS DA ÉPOCA.



5 ANOS A



5 ANOS B



5 ANOS C



FIXEMOS UN PATRÓN DOS TRAXES MEDIEVAIS,  
DIFERENCIANDO O DE DAMAS E O DE CABALEIROS; POUCO A  
POUCO FOMOS FACÉNDOOS PARA PODER POÑELOS NO  
PASARÚAS QUE SE FIXO POLO ENTROIDO EN NEGREIRA.  
O DESFILE QUEDOU MOI VISTOSO E AÍNDA QUE A CHUVÍA  
QUIXO PARTICIPAR NEL, NON FOI QUÉN DE IMPEDIR QUE OS  
NENOS E NENAS DE 5 ANOS, XUNTO COAS SÚAS MESTRAS,  
DISFRUTARAN COMO DAMAS E CABALEIROS MEDIEVAIS.





# COÑECENDO O NOSO CONCELLO

## VISITA AO MIRADOR DO COTRO



# O MIRADOR DO COTRO

O día 25 de Abril, os alumnos/as de 1º de primaria, fixemos unha excursión. Primeiro fomos ao mirador do Cotro, onde facía vento, frío, e a neblia impediunos ver a paisaxe. Despois fomos merendar a unitaria de Aro, onde o pasamos moi ben.

Por último fixemos un anaco do camiño de Santiago entre Aro e Zós. Gustounos moito esta excursión para coñecer lugares do noso concello.



UN DIA DE EXCURSION



UN DIA DE EXCURSION









# IN DIA DE EXCURSION



2018

# LLUPI UN DIA D'EXCURSION





# O MEU AUTORRETRATO

CURSO 2016 - 2017








HUGO, RB















MARTÍN



VANESA



MIHAEL



ADRIAN



UXÍO



DIOGO



HUGO D.



CARMEN



ESTELA



PEDRO



AITOR



LARA



ESTHER



HUGO G.



MARIÑA



PABLO



SARA



IRIA



ANDREA



AROA



HUGO Q



DAVID



CARIEL



ANTONIO



CURSO

2017 - 2018







HUGO.DB



Diego el curro  
parado



ESTELA





Autos



Para...a



Esther



Maria




HUGO.6  
EL CURSO O PASADO



HUGO









Alba Naya



HUGO.Q



Gabriel

Alvaro 2<sup>a</sup>A

2<sup>a</sup>A



2<sup>a</sup>A












# O ESCUDO DE NEGREIRA

Os menos de 2º B quixemos saber un pouco mais sobre o escudo da nosa vila. Queríamos saber porque a ponte estaba rota ou porque saia un cabaleiro no escudo.

Aprendimos que o cabaleiro era realmente un romano e que a ponte, que era a Ponte Maceira, estaba rota porque conta a lenda que se rompeu cando os romanos perseguían a antigos peregrinos, representado pola cruz que está o outro lado da ponte.

Aprendimos mais cousas, que representa a coroa, a cuncha ou a estrela e por que hai un río, o nome do río non foi difícil de adiviñar, o río Tambre, cal ía ser?







# 8 Marzo. Día Internacional da MULLER



Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, @s alumn@s de 3ºB estivemos a facer diferentes actividades para conmemorar este día. Unha das tarefas que fixemos foi a lectura e o comentario de diferentes libros protagonizados por mulleres ou nenas. Velaquí tedes un pequeno resumo de cada un deles.

**Malala. Por el derecho de las niñas a la educación:** Malala Yousafzai é pakistaní e musulmá. Dende que tiña once anos, denuncia aos integristas musulmáns que consideran que a escola non é un lugar para as nenas. Nun intento de facela calar, incluso lle chegaron a disparar. Por sorte, Malala conseguiu sobrevivir e hoxe, galardoada co Premio Nobel da Paz, continúa loitando incluso con máis forza para que todos os menores de idade poidan ir á escola, xa sexan nenos ou nenas, pobres ou ric@s.

**Yo voy conmigo:** A unha nena lle gusta un neno, mais el non mira para ela. Que facer? @s seus amig@s lle aconsellan de todo: que se quite as coletas, as lentes, o sorriso, as pencas, as ás, que non sexa tan faladora... O neno, por fin, mirou para ela mais, con tanto quitar, ata marcharon os seus paxaros da cabeza. A nena decátase de que xa non é ela e decide recuperar as súas coletas, as súas lentes, o seu sorriso, as súas pencas, as ás e as súas palabras.

**Wangari y los árboles de la paz:** De pequena, en Kenia, Wngari vive rodeada de árbores. Cando medra comeza a masiva deforestación e Wangari teme que pronto todo o bosque sexa destruído. Entón decide sementar nove árbores. Así comeza a historia de Wngari Maathai, ambientalista e gañadora do Premio Nobel da Paz

**Cuando las niñas vuelan alto:** Martina, Alicia e Jimena son tres nenas con grandes ilusións, pero a banda de 'NOLOCONSEGUIRÁS' encheulles os petos de pedras para que non podan voar.

Ademais de ler libros, cada un/unha de nós tivo que escoller unha muller importante na historia e facer unha pequena biografía cos datos mais salientables destas mulleres. Con todas elas fixemos un mural que estivo decorando o noso corredor ata agora .







## MULLERES NA HISTORIA



Chámome MARIA CALLAS e nacín o 2 de decembro do 1923 en Nova York. Dediqueime a cantar en teatros como soprano. En 1954 decidín baixar de peso, perdendo case 40Kg. en poucos meses e, a partir diso, comezou a resentirse a miña voz. Falecín, morrendo de tristeza cando tiña 53 anos. (Lorena)

O meu nome é CONCEPCIÓN ARENAL PONTE e nacín o 31 de xaneiro de 1820 en Ferrol. Gustábame moito estudar e aprendín soa francés e italiano. Ademais, tamén sentín paixón pola filosofía e a ciencia. Fíxenme pasar por un rapaz para poder estudar Dereito na Universidade de Madrid. fun unha muller feminista e valente, que loitei para que as mulleres tiveran os mesmos dereitos que os homes , nunha sociedade onde a muller non contaba para nada. (Santi)



Chámome ROSA PARKS e nacín o 4 de febreiro de 1913 en Estados Unidos. Dediqueime a defender os dereitos civís e a igualdade ante a lei d@s cidadáns estadounidenses. Despois dunha vida de batalla contra o racismo recibín a Medalla de Ouro do Congreso dos Estados Unidos en 1999. (Rocío)

O meu nome é JUANA DE ARCO. Nacín o 6 de xaneiro de 1412 en Francia. Fun unha nova campesiña que guiei ao exército francés na Guerra dos Cen anos contra Inglaterra logrando que Carlos VII de Valois fora coroado Rei de Francia. (Miguel)



Chámome NADIA COMANECI. Nacín o 12 de novembro de 1961 en Rumanía. Dediqueime á ximnasia. Descubríronme cando tiña 6 anos. Nos xogos olímpicos de Montreal conseguín a máxima puntuación: UN DEZ. Nos Xogos de Moscú gañei dous ouros. No 2001 marchei para Estados Unidos. (Mauro)







Son AMELIA EARHART e nacín o 24 de xullo de 1897 en Atchison, Kansas. Dediquei a miña vida a pilotar avións. Fun a primeira muller en facer un voo en solitario polo Atlántico e a primeira persoa en facelo dúas veces, a distancia máis longa voada por unha muller sen parar, conseguindo o récord por cruzalo no menor tempo. (Claudia)

O meu nome é MARÍA TERESA DE CALCUTA. Nacín o 26 de agosto de 1940 na República de Macedonia. Son recordada por axudar aos pobres. Fundei a Congregación Misioneira da Caridade. (Akane)



Chámome MARÍA PITA e nacín o 3 de maio de 1598 na Coruña. Dediqueime a defender a cidade da Coruña da invasión dos ingleses e a coidar os feridos que houbo. (Martín)

Son COCÓ CHANEL, nacín o 19 de agosto do 1883 en París. Fun unha gran deseñadora e ademais fixen unha exitosa incursión no mundo dos perfumes. O perfumista fíxome dez probas, e quedei seducida pola que levaba o número 5, unha fórmula máxica que dende aquela non deixou de venderse por todo o mundo. (Paula)



O meu nome é SIMONE DE BEAUVOIR, nacín o 9 de xaneiro do 1908 en París. Fun escritora de novelas, ensaios, biografías e monográficos sobre temas políticos, sociais e filosóficos. Unha das miñas obras máis coñecidas é o *Segundo sexo*. (Sara)


Chámome MARIE CURIE e nacín en Varsovia no ano 1867. Fun unha física pioneira no campo da radioactividade, tamén fun a primeira muller en recibir un premio Nobel, sendo a única que ten dous premios Nobel. Destaquei, ademais, por ser a primeira muller en ser profesora na Universidade de París. (Hugo)







O meu nome é HIPATÍA DE ALEJANDRÍA. Nacín no 355 e son unha das primeiras científicas de quen temos referencia. Fun unha mestra de prestixio na escola neoplatónica e realicei importantes contribucións á ciencia nos campos das matemáticas e a astronomía.



Chámome JANE GOODALL e nacín o 3 de abril do 1934 nunha localidade de Inglaterra. Dediqueime a traballar cos chimpancés. Cando era pequena pensei de onde saían os ovos das galiñas e fun a un galiñeiro, miña nai preocupouse e chamou á policía. Cando me atopou, non se enfadou ao ver o meu interese. Anos despois, unha amiga axudoume a ir a un Parque Natural e máis adiante fun a África a ver os chimpancés. Moitos eran metidos en gaiolas para que as persoas os puideran ver, pero eu estiven en contacto con eles ata que se acostumaron a min e non era necesario engaiolalos. Tal foi a defensa que eu fixen destes animais que un día matáronme a min en lugar de matalos a eles. (Lucía Q.)



Son JANIS JOPLIN, nacín o 19 de xaneiro do 1943 en Texas. Dediqueime á música. Cando estaba estudando na Universidade de Texas, en Austin, comecei a cantar en bares. En 1963 trasladeime a San Francisco onde coñecín a moitos músicos cos que máis tarde gravei discos. En 1966 uníme á banda Big Brother and the Holding con quen triunfei no festival de Monterrey de 1967. Fomos contratados polo produtor de Bob Dylan e gravamos o noso primeiro disco que tres días despois foi o disco de ouro. Pero, sentín tanta presión que deixei a banda. Máis tarde formei unha segunda banda coa que saquei o meu segundo disco e no 1969 actuei cun enorme éxito no festival de Wodstock. Pasei un mal momento enganchada ás drogas a causa de tanta presión. Debido á miña adicción ás drogas, falecín con 27 anos. En 1971, seis semanas despois da miña morte, saíu á luz o meu último disco Pearl, que foi tal éxito que se mantivo no número un de vendas catorce semanas seguidas. (Adrián)







Chámome VIRGINIA WOLF, nacín no ano 1882 en Reino Unido. Dediqueime a escribir novelas modernas experimentando coa estrutura temporal e espacial da narración. Escribín unha serie de ensaios en torno á muller e destaquei como crítica literaria. (Brais)



O meu nome é EMILIA PARDO BAZÁN. Nacín o 16 de setembro do 1851 na Coruña. Fun escritora de poesía, novelas e tamén de artigos periodísticos. Algunhas das miñas obras foron: Un viaxe de noivos, A Tribuna e Os Pazos de Ulloa, entre outras. (Andrea)

Son MARUJA MALLO, nacín o 5 de xaneiro do 1902 en Viveiro. Fun unha pintora surrealista. Dinlle, na miña obra, moita importancia á figura da muller, retratando a mulleres que protagonizaron a miña vida, mulleres activas. Isto apréciase en obras como "La mujer de la cabra" ou "Las verbenas", nas que retrato a figuras femininas. (Lucía R.)



Son FRIDA KAHLO, nacín o 6 de xullo do ano 1907 en México. Con 6 anos enfermei e cando a miña saúde mellorou comecei a practicar deportes para recuperarme fixen boxeo e fútbol, deportes que non eran practicados polas nenas. Con 18 anos sufrín un grave accidente de tráfico e estiven tempo sen poder moverme. Cando me curei comecei a pintar os meus debuxos e cadros. No 1943 convertínme en profesora dunha escola de arte en México. Aos seus alumn@s chamábanlles "@s fridos". Fun unha muller moi forte e independente, algo moi importante porque, na miña época ás mulleres non se lles permitía ser así. (Hiba)








# AS NOSAS LECTURAS FAVORITAS

Con motivo do 23 de abril, Día do Libro, o alumnado de 3ºB demos a coñecer aos nos@s compañeir@s cal era o noso libro favorito e o motivo que nos levou a escoller esta historia e non outra. Velaquí tedes as nosas recomendacións para tod@s vós!!! Quizais algún/algunha de vós se anime a ler algunha destas fantásticas e entretidas historias. Comezamos coa historia favorita de Akane.



O meu libro favorito é *O increíble neno devorador de libros*. Gústame porque trata dun neno que devora libros e os nenos non poden comer libros. Cal é o teu libro favorito, Martín?

O meu titúlase o *Diario de Greg 12. Volando voy*. O que máis me gusta é que na terceira páxina o pai e a nai danse un bico na boca e porque Greg asustouse cando dixeron que ían de vacacións en avión. E o teu, Mauro?



O meu libro favorito é *Gerónimo en El Regreso al Reino de la Fantasía*. Neste libro, Gerónimo fai misións heróicas, axuda á Raiña do Reino da Fantasía e salva a persoas dos ataques da raiña das bruxas ou da irmá da raiña da fantasía, Negridiana. E a ti, Brais, que libro che gusta?



Eu escollín *A galiña dos ovos de ouro*. Hai unha galiña que pon ovos de ouro e o galiñeiro pola mañá no galiñeiro encontrouse os ovos de ouro. Cal escolliches ti, Paula?







Eu descubrín na biblio de aula o libro **Una casa con fantasmas**. É o mellor libro que lin. É de misterio, faite pensar, hai historias do pasado e, por último, encántame porque cada vez que pasas de capítulo te enganchas e non podes deixar de ler. Mouad, cal tes ti entre as mans?

O meu libro favorito é **La noche de la magia** porque é de aventuras, suspense e de terror. O que máis me gusta do libro é Scooby. A ti cal che gusta, Carlota?



A min gústame moito **El Reino de la Fantasía**. É moi interesante e bonito. Hai moita fantasía, labirintos e notas segredas. Está moi ben. E o teu, Rocío?

Que casualidade! O meu libro favorito tamén é **El gran regreso del Reino de la Fantasía**. Gústame porque ten preguntas, personaxes gracios@s, inimaxinables, divertid@s e guap@s. Cal é o teu, Lorena?



A min gústame moito **Junie B. y su hermano**. É o meu libro favorito porque me fai rir como entendeu o que lle dixo a súa avoa. Ela pensou que o seu irmán era un mono. Sara, cal escolliches ti?








O meu título se **¿Eres tú mi mamá?** Gústame porque é bonito, gracioso e moi interesante. Cal me recomendas ti, Hiba?

A min gústame moito **Junie B. Jones y Warren el superguapo**. É o meu libro favorito porque me encantan as letras e a historia que conta. Santi, cal escolliches ti?



A min encántame **El castillo de Zampachicha Miaumiau**. Escollín este libro porque o que lle pasa a Gerónimo é moi divertido e gracioso. E o teu, Andrea, que libro é?



Gústame moitísimo **Tanneke a princesa das bruxas**. Paréceme unha historia moi bonita e, ademais, faime rir. Que libro trouxeches ti, Hugo?



Eu trouxen **A Guerra dos números**, escollín este libro porque hai moita paz e ao final o número un cácase co número cero e forman o número dez. Yaiza, cal é o teu?







O meu libro favorito é *Soy Luna. El principio del verano*. Gústame porque me encanta patinar e ademais Luna e Simón son moi simpátic@s e son os mellores amig@s. Lucía, ti cal tes aí?

Eu escollín *A odisea de Ollie*. O que mes gusta deste libro é que un malo vólvese bo, ten moitas aventuras e ademais escribiuno o meu autor favorito. Miguel, o teu cal é?



O meu é *Alí Babá y los cuarenta ladrones*. Escollín este porque é unha lenda moi interesante que che conta a historia de Alí Babá. Cal trouxeches ti, Claudia?

O meu libro favorito é *El club de Tea y el secreto de las hadas de las nubes*, porque cando o club de Tea chega á sala das sete rosas intentan tocar as sete estatuas e caen unhas enriba doutras e tod@s se botan a rir e a min faime moita gracia e encántame. E ti, Sofía, que me recomendas?



A min encántame *El diario de Nikki* porque me parece gracioso, divertido e amoroso. Cal é o teu libro favorito Lucía?







O meu libro favorito é *Los cinco viven una nueva aventura*. É moi orixinal e divertido. A súa autora chámase Enid Blyton e escribiu todos os libros que me gustan. Son moi interesantes. E o teu Adrián?

Eu escollín *Mate y los tractores*. Gústame porque cando Mate vai despertar aos tractores pítalles e isto faime rir. É moi gracioso.



**Si quieres  
aventura,  
lánzate a la  
lectura.**





# NEGREIRA

## LETRA

### A LETRA

## Do A ... ao ... Z

- A. ACOLLEDORA** é esta vila onde ninguén se pode sentir estranxeira.
- B. BARCALA** é a comarca a que pertence Negreira xunto coa Baña.
- C. CONCELLO** de Negreira con 115 km<sup>2</sup> situado na provincia de Coluña, é un dos 314 municipios galegos.
- D. DOMINGO**, día no que celebra unha feira ou mercado nun espazo próximo o Pazo do Cotoñ. Esta feira constitúe un importante motor da súa economía.
- E. ECONOMÍA** baseada sobre todo na agricultura, a gandería e o comercio.
- F. FEIRACO** cooperativa fundada no ano 1968, é unha das industrias agro-alimentarias máis importantes do país.
- G. GALEGO**, a nosa lingua. Máis dun 70% da súa poboación é galego falante.
- H. HABITANTES**. O concello de Negreira conta con 6.883 habitantes distribuídos en aldeas, repartidos en 18 parroquias.

3°C



**I. INDUSTRIA.** O desenvolvemento do sector industrial é relativamente baixo.

**L. LIMIQUES:** Ames, A Baña, Brión, Outes, Mazariños, e Santa Comba son os municipios cos que limita Negreira.

**M. MÚSICA** é un referente no concello e en toda a comarca. Conta con bandas, de música, charangas, grupos de baile tradicional...

**N. NEGREIRA.** Relacionado con Micraria, para o seu xentilicio podemos usar micrariense (de Micraria) ou negreirés (de Negreira).

**N. CAMIÑO** de Santiago que dende a Ponte Macieira atravesa distintas zonas do concello para seguir ata Esteiroa.

**O. "O COTO."** Centro de educación infantil e primaria  
R/Rosalía Castro s/n  
25830 Negreira (A Coruña)

TP: 881866822 / leip. o coto @ edu. xunta. es

**P. PEDRA MÁMOA:** Complexo deportivo municipal con distintas instalacións deportivas: ximnasio, piscina climatizada, campo de fútbol, pistas de tenis, de padel, pabellón cuberto...

**Q. PARROQUIAS:** Albite, Aro, Arzón, Bronco, Bugallido, Campelo, Campolongo, Cobas, Gonte, Landeira, Liñeiro, Logrosa, Lueiro, Negreira, A Pena, Portor, Xallas e Zas son as 18 parroquias que forman este municipio.

3°C



**R. RADIO NEGREIRA.** Emisora municipal desde 1988 situada na Casa de Cultura con programación sobre a actualidade informativa e cultural da Comarca.

**S. SERVIZOS.** O sector servizos está centrado casi exclusivamente na Vila de Negreira.

Os servizos municipais organizados co Concello para atender as necesidades dos habitantes do municipio.

**T. TAMBRE:** Un dos rios mais importantes de Galicia con 125 Km. No seu percorrido encontramos a ponte romana de Ponte Maceira, límite entre os concellos de Ames e Negreira. Noutro dos seus tramos tamén serve de fronteira co concello de Brion.

**U. URBANO.** A vila de Negreira é un núcleo urbano con edificios de pouca altura, rúas curtas... mentras que as demais parroquias pertencen ao rural.

**V. VILA.** Negreira é unha vila, é dicir mais grande ca unha aldea pero mais pequena ca unha cidade.

**X. XEOGRAFIA.** Negreira é un municipio de Galicia (España) que se encontra situado ao oeste de Santiago de Compostela (Capital de Galicia) na provincia da Coruña.

**Z. ZARAPALLADA** (balusca, borralhada, poalla) Chuvia miúda e pouco intensa típica desta zona sobre todo no inverno.

3°C



# A industria na nosa comarca: FEIRACO

***Traballo elaborado polos  
alumn@s de 4º de Primaria.  
CEIP O Coto***

***Curso 2017-2018***





**Feiraco**

***O noso  
leite***



# ¿Que é Feiraco?



- Unha cooperativa formada por 400 gandeiros, fai 50 anos no val de Barcala.
- Os socios uníronse para vender o leite, e os seus derivados.



# ¿Como naceu Feiraco?

- Antes non había un servizo de recollida do leite.
- A xente tiña que levar o leite da casa ata uns sitios de recollida.
- Para facilitar isto se creou a cooperativa.
- Tamén para mellorar a comercialización e poder transformar os derivados do leite dun xeito mais rendible e con garantías sanitarias.





# ¿Porque é importante para nos?

- A Cooperativa foi una estratexia para desenvolver a comarca.
- Un xeito de mellorar a calidade do produto e dos habitantes da zona.



- Creáronse postos de traballo para dar servicios (fábrica de pensos, xestorías, asesorías, gasoleira, taller, supermercado) e medrou a actividade económica.



# ¿Porque esta no concello de Ames?

- Inicialmente estaba en Negreira.
- Pero por falta de espazo, e porque o concello de Ames daba mellores condicións económicas e ganas de cooperar, trasladáronse a zona de Ponte Maceira.
- Ademais foi importante que estaba mais cerca de Santiago e mellor comunicada.





# Como reconhecela

- O logotipo, é o perfil dunha vaca
- Non cambiou dende o principio
- É de cor verde e cunhas letras características
- Recentemente incorporouse una frase





# Feiraco na actualidade

- Hoxe hai 2114 socios
- Feiraco esta integrado en CLUN (Cooperativas lácteas Galegas) formado por varias cooperativas que se unen para ser mais fortes no mercado.





# Que implica hoxe Feiraco



Beneficios

Pertencer a Feiraco  
aporta

Acceso a servizos ou  
sectores da cooperativa

Emprego xerado en  
traballos derivados



# Beneficios os socios

- Recollida garantida da súa leite a un prezo razoable segundo a calidade.



- Reparto de penso para grandes e pequenas explotacións gandeiras.



# Servizos ou sectores

## Economato

- Situado en Santa Comba e pódense atopar todo o que fai falta na casa: alimentos, bebidas, hixiene.

## Pensos

- Alimento para vacas, cabalos, xatos, coellos, cordeiros, porcos, aves, xubencas...etc Incluso pódense pensos a carta baixo pedido.

## Gasolineira

- Diferentes tipos de combustible, faise reparto a domicilio e tamén hai unha tenda de repostos agrícolas

## Leite

- Unha leitaría onde existen una grande variedade de produtos lácteos e derivados.

## Taller

- Actualmente pechado pero servía como asistencia os vehículos dos socios.


FEIRACO

FEIRACO

FEIRACO



# Servizos ou sectores



# Emprego xerado pola cooperativa

## Traballo directo:

- Mais de 200 persoas traballan dentro das instalacións de Ponte Maceira, Santa Comba, Picota, Camporrapado

## Traballo indirecto:

- Recollida de leite, repartidores de leite, transportistas de materias primas, repartidores de penso, servizos veterinarios e podoloxía, asesoramento xurídico e fiscal.



# O proceso do leite

## RECEPCIÓN

- Recollida do leite e controis de calidade

## TERMIZACIÓN

- Quentamento 15 sg a 62-65° C e enfriado por baixo dos 8° C

## ESTANDARIZACIÓN

- Axustase a composición, e a cantidade de graxa con nata.

## DESNATADO

- Centrifugado a 50-60° C

## HOMOXENEIZACIÓN

- Se uniformiza o tamaño dos glóbulos graxos

## TRATAMENTO TÉRMICO

- Quentase para eliminar microorganismos e activar enzimas lácteas

## ALMACENAMENTO


- Gardase o leite en tanques refrixerados

## REFRIXERACIÓN

- Baixase a unha temperatura non superior os 65° C

## ENVASADO

- En envases estériles e asepticos no caso do leite UHT



# Leite FEIRACO



## LEITE

- Enteira, Semidesnatada, Desnatada, Sen lactosa desnatada, sen lactosa semidesnatada

## LEITE PARA HOSTALEIRA

- Produtos específicos para o sector hostaleiro

## LEITE UNICLA

- Enteira, Semidesnatada, Desnatada, Sen lactosa desnatada, sen lactosa semidesnatada

## OUTROS PRODUTOS LÁCTEOS

- Batidos, Natas, Iogures, Líquidos e Queixos





# Leite FEIRACO



---

## PREMIOS RECIBIDOS

Premio Carrefour o mellor leite (1990)

---

Primeiro premio Europeo a Innovación  
Cooperativa (2009)

---

Premio a Mellor Pyme Agroalimentaría,  
outorgada polos clientes Carrefour  
(2014)

---

Premio Responsabilidade Social en  
Movemento, concedido pola Xunta de  
Galicia (2016)

---

Caixabank e a CEOE conceden o  
premio galego Carácter Empresa a  
Feiraco pola Innovación (2016)

---

A black and white cow is shown in profile, looking towards the right. It is in a lush green field with some tall grasses in the foreground. In the background, there are blue mountains under a clear blue sky. The entire image is framed by a white border.

FEIRACO 

*O noso leite..*

*...por moitos  
anos*



# MINI ATLAS XEBOTÁNICO DE NEGREIRA

Os artistíñas de 5ªA adicámonos aló polo mes de novembro a observar as plantas que temos na nosa contorna. O motivo foi a ondada de incendios que sufriron os nosos bosques a mediados de outubro de 2017, nos que se estima que se queimaron 49.000 hectáreas; e por outra, e na liña do proxecto que se

NOME DA PLANTA: Acivro

TIPO DE PLANTA: Árbore

**DESCRIPCIÓN:** O acivro é unha pequena árbore ben vistosa polas súas bagas vermellas. É unha árbore apreciada polos animais do bosque coma o leirón careto gris ou o corzo, que comen os seus froitos no inverno. A súa cortiza é lisa e de cor gris-verdella cando son árbores novas e faise máis dura e rugosa ao facerse vellas.

**FORMA:** As follas do acivro son verdes brillantes, moitas veces espiñentas.

**TAMAÑO:** Chega a medir uns 10-15 metros.

**ATOPEINA** nos arredores do Pazo de Cotón. O acivro é unha planta procedente do sur de Europa. Pero tamén as hai na zona de Irán, na Cordilleira do Cáucaso e no norte de África.

**USOS:** O acivro é unha planta con propiedades curativas pero tamén **moi perigosa**. Por isto non se adoita ter nas casas. As súas bagas vermellas son tóxicas e poden chamar a atención dos máis pequenos, que si as comen provocaránlle vómitos e diarrea. **Son moi tóxicas**. A madeira é pesada, fácil de tinguir e boa para a construción.

DANIEL, IAGO e PABLO NIETO

NOME DA PLANTA: Pereira

TIPO DE PLANTA: Árbore.

**DESCRIPCIÓN:** É unha árbore froiteira orixinaria de Europa Oriental e Asia Occidental que pertence a familia das rosáceas. É unha árbore típica de climas temperados aínda que lle gusta máis o frío que o calor.

**FORMA:** As follas son ovaladas, anchas e de marxe lixeiramente serrado. É unha árbore de folla caduca.

**TAMAÑO:** As pereiras son árbores de tamaño mediano, poden medir de 10 a 20 metros de altura.

**ATOPEINA** en hortas de Negreira.

**USOS:** A pera é un froito con moito sabor, pero sobre todo ten moitas propiedades nutricionais beneficiosas para regular o sistema nervioso, mellorar o aparello dixestivo e fortalecer os músculos.

SOFÍA

desenvolve desde a Biblioteca, coñecer mellor a nosa vila: Negreira.



**NOME DA PLANTA:** Piñeiro

**TIPO DE PLANTA:** Árbore de folla perenne.

**DESCRICIÓN:** O Piñeiro é unha árbore autóctona de Galicia robusta e erguida, que se ten plantado de máis nos últimos tempos. Isto fai que o número doutras especies como os carballos e os castiñeiros, desgraciadamente diminúa e os bosques galegos se converten en plantacións de piñeiro e eucalipto, afectando a biodiversidade. O seu froito é unha piña dura e oval, que contén piñóns.

**FORMA:** as súas follas son aciculares, en forma de agulla, sempre verde escuras, e en parellas rodeadas dunha vaiña abrancazada.

**TAMAÑO:** Pode alcanzar ata 20-30 metros.

**ATOPEINA** na miña aldea, cando camiñaba polo monte.

**USOS:** A súa madeira serve para a fabricación de taboleiros e carpintería xeral (caixas, travesas). As piñas teñen utilidade para acender os lumes, xa que non se apagan e a cortiza utilízase como curtidor. Os piñóns, que son as sementes do piñeiro, se comen como froitos secos, polas súas propiedades nutricionais.

LAURA E JULIA

**NOME DA PLANTA:** Castiñeiro

**TIPO DE PLANTA:** Árbore.

**DESCRICIÓN:** Os castiñeiros son plantas orixinarias de Galicia. Non teñen flores dado que son árbores. Foron os romanos quenes espallaron o seu cultivo. Aquí en Galicia medran nos soutos, que son bosques de castiñeiros. Onde máis se cultiva é en Ourense, en Lugo e no occidente Leonés. Das plantacións de castiñeiros obtéñense as castañas que son pequenos froitos que medran en grupos de 3 nos ourizos. A castaña ten por fora unha cuberta dura e marrón e por dentro está a parte comestible que é branca.

**FORMA:** As follas teñen forma de ferro de lanza e borde serrado.

**TAMAÑO:** Acada con facilidade os 25 m. de alto.

**ATOPEINA** camiñando pola ribeira do río Barcala.

**USOS:** A castaña que é o froito do castiñeiro, é comestible, e pódese tomar asada, cocida ou crúa. Antigamente en Galicia usábase a castaña cocida coma hoxe usamos as patacas, para acompañar case tódalas comidas. A madeira de castiñeiro sempre foi prezada para a fabricación de mobles, barricas de viño (xa que dician que eran as mellores) e carpintería en xeral. Coas súas varas fabricanse cestos.

INÉS, ZAIRA e PABLO MATC

**NOME DA PLANTA:** Carballo

**TIPO DE PLANTA:** Árbore de folla caduca.

**DESCRICIÓN:** O carballo é unha fermosa árbore de gran poder que ven do Cretácico. Diversificouse no Terciario e chega a vivir máis de 1.000 anos. Era a árbore que representaba ao noso país como demostran os frecuentes topónimos como Carballo na Coruña ou Carballedo en Lugo. Na actualidade quedan poucos bosques de carballo. Fai tempo queimáronse grandes extensións para prados e cultivos, e tamén porque a súa madeira era tan extraordinaria e resistente que valía para construír gran cantidade de cousas. Así que os carballos taláronse pero non se repoboaron. Hoxe en día as carballeiras (bosques de carballos) téñense replantado por bosques de eucalipto e piñeiro.

**FORMA:** O carballo posúe flores unisexuais masculinas e femininas na mesma árbore, os froitos son as landras verdes que se volven marróns ao madurar, polo mes de setembro-outubro. E as súas follas son simples e moi lobuladas. É unha árbore de folla caduca, iso quere dicir que as perde ao chegar o outono.

**TAMAÑO:** Chega a superar os 40 metros de alto e ten o tronco erguido.

**ATOPEINO** na casa dos meus avós, preto de Negreira.

**USOS:** Fai anos a súa excelente madeira serviu para a construción dos navíos da Armada Española, dos barcos de pesca, para as travesas do ferrocarril, para facer mobles. As súas landras maduras servían de comida para os porcos. Como era esperar nunha árbore antigamente tan común, hai numerosas tradicións e costumes vinculadas con ela.

DLENIA E FÁTIMA

**NOME DA PLANTA:** Pradairo

**TIPO DE PLANTA:** Árbore.

**DESCRICIÓN:** O pradairo é das mais grandes árbores dos nosos bosques xa que chega a acadar os 35 metros e como necesita solos ben desenvolvidos e indicadora da calidade do solo. Ademais ten a capacidade de aguantar ventos salgados polo que pódese plantar coma curta ventos preto do mar.


**FORMA:** A folla do pradairo ten forma palmeada e adoita ter cor verde aínda que tamén pode ser doutros cores como morado ou marrón.

**TAMAÑO:** O seu tamaño eu creo que é bastante grande.


**ATOPEINA** na casa dos meus avós xogando (Negreira).

**USOS:** Esta planta pódese usar para facer mobles, instrumento musicais de madeira e xaropes medicinais. A súa madeira é de calidade branca, lixeira e fácil de traballar. Na antigüidade coa súa madeira facíanse zocas e utensilios de cociña. Tamén noutros países sácanlles da súa madeira ou das follas "o zume de pradairo". Está representada na bandeira de Canadá.

ALDARA, ANTÍA e SARA







*Foto portada: Pazo do Cotón. Negreira*

*CEIP O COTO. Equipo de Dinamización de Lingua. 2018*